



INFORMACIÓN CONCILIA VERÁN 2020

O día 15 de xuño de 2020 abre o prazo para inscribirse nas Actividades do Programa Concilia Verán 2020 que organiza a Concellería de Educación do Concello de Ourense. Este ano, con moitas novidades debido a situación xerada pola Covid 19.

O programa Concilia Verán vai dirixido a rapazada de Ourense nada entre o 01/01/2008 ata o 31/12/2014 (de 6º de EI ata 6º EP) .

Todas as actividades que se levarán a cabo están orientadas cara a consecución de hábitos de vida saudables, actitudes solidarias e de convivencia, a promover a igualdade de xénero e o respecto ao medio ambiente, ademais de actividades lúdicas haberá reforzo educativo de matemáticas e linguas. Os nenos/as con NEE recibirán atención personalizada.

Desenvolveranse de luns a venres nos seguintes centros en horario de mañá de 8.30 h a 14.30 h:

1. CEIP O COUTO
2. CEIP MANUEL LUIS ACUÑA
3. CEIP VISTAHERMOSA
4. CEIP IRMÁN VILLAR
5. CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO
6. CEIP INMACULADA
7. CEIP AS MERCEDES
8. CEIP MARIÑAMANSA
9. CEIP SEIXALBO
10. CEIP ALBINO NUÑEZ
11. CEIP PRACTICAS (a partir do 16 de xullo)
12. CEIP A PONTE
13. CEIP COVADONGA-EIROÁS (abre Eiroás)
14. AULA DA NATUREZA DO RÍO MIÑO (OIRA): Rapazada de EP, de 8.30 h a 13.30 h e ata o 9 de setembro.

Ofertaranse as actividades por quincenas podendo seleccionar un máximo de 4 :

- Do 1 ao 15 de xullo (Excepto o CEIP de Prácticas)
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 3 ao 14 de agosto
- Do 17 ao 31 de agosto

INSCRICIÓN

A inscrición realizarase on line a través da páxina web : www.educacionourense.es do día 15 de xuño a partir das 9.00 h e rematará o día 21 de xuño ás 24.00 h.

O/a pai/nai/titor/titora serán os solicitantes das actividades e unha mesma persoa pode incorporar na mesma solicitude ata tres fillos ou fillas.

Os participantes deberán seleccionar o CEIP máis próximo ao seu domicilio.

Criterios de selección de admitidos/as:

- Orde de entrada.
- Preferencia a escolares empadroados no Concello de Ourense e cos pais/nais en activo.

Unha vez pechado o prazo de inscrición, comunicarase a admisión nos taboleiros dos CEIP e na web publicaranse os admitidos, sen nome, so co n.º de entrada do rexistro da inscrición.

Os admitidos/as deberán formalizar a matrícula.

MATRÍCULA

Prazo: do 23 ao 26 de xuño de 2020 telematicamente.

A documentación presentarse por correo electrónico enviando todo a educacion@ourense.es, sendo imprescindible indicar no apartado ASUNTO: **Verán 2020 e o nome do centro no que se inscribe.**

Taxas :

10 € e 5 € por irmán/irmá .

Documentación a presentar no prazo estipulado:

1. Ficha de matrícula cumprimentada, asinada e con foto. (descargar na web)
2. Declaración responsable, na que as familias deberán indicar que o menor non tivo tos, febre, cansazo ou falta de aire, nin estivo en contacto con persoas con dita sintomatoloxía. (renovarase cada quincena) (descargar na web)
3. Xustificante do pagamento.
4. Copia da tarxeta sanitaria do participante.
5. Para o alumnado de 6º de EI certificado do centro escolar no que estivo matriculado que acredite que realizou dito curso.

Unha vez recibida correctamente a documentación considerarase a adxudicación como definitiva e, se non recibe ningunha outra indicación poderá dirixirse ao centro de ensino na data e hora seleccionadas para comezar as actividades.

Lista de espera

Xerarase unha lista de espera co alumnado que non está admitido.

Unha vez completado o proceso da primeira adxudicación porémonos en contacto telefónico se quedan prazas dispoñibles e formalizarían a matrícula polo mesmo procedemento.

* A Concellería de Educación resérvase o dereito a anular as actividades naquel CEIP que non reúna un grupo mínimo de rapaces ou rapazas.

* As faltas de asistencia sen xustificar poderán supoñer a perda da praza.

Prevención da COVID-19

🚫 Indícase ás familias que non poden acudir ao centro os nenos/as con síntomas compatibles co COVID-19 ou diagnosticados de COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID-19. Para isto, as familias vivirán o estado de saúde e realizarán toma de temperatura todos os días antes de saír da casa para ir ao centro. Si o neno ou nena tivera febre ou síntomas compatibles con COVID-19 non deberá asistir ao centro debendo chamar ao seu centro de saúde ou ao teléfono 900 400 116 e avisando simultaneamente ao centro.

■ Os nenos ou as nenas que presenten condicións de saúde que os faga máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderán acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de xeito rigoroso.

■ Recoméndase evitar as aglomeracións. As familias solo poderán entrar ao centro no caso de necesidade ou indicación do monitor ou monitora ou da coordinación, cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene.

■ Limitarase ao máximo o transporte de obxectos entre as casas e os colexios (xoguetes, libros, ...) e o material dos centros non sairá do lugar onde se use.